


4.

Lunsmartesmércoresoxovesvenressá badodomingo




Luces e sombras dun luns calquera. Fotografía de Laboratorio de Radio

Como convivir co diagnóstico do cancro, na literatura real. Sobre isto mantemos unha conversa imaxinaria con Nerea, a protagonista da novela 'Luns' de Eli Rios, e outra real con Marcos Calvo, psicólogo da Asociación Española Contra o Cancro (AECC).

Por: Lucía Abarrategui

Na sala, infusións. Oito cadeiras enfrontadas e multitude de folletos informativos: 'Mitos sobre o cancro de mama', 'Decálogo contra o cancro de próstata' e algunha que sinala o tabaco como inimigo total. Tamén, un papel pendurado na parede tenta aparentar normalidade a través dun calendario onde figuran actividades como ioga, marcha nórdica, expresión corporal e club de lectura. Fóra, ruído de obras e unha vista ao outro lado de Compostela, na que non aparece a catedral. O que si podemos ver é a estación de tren, para fuxir ou para viaxar, depende da óptica.

Desde este recuncho podemos imaxinar as complicacións que trae á vida unha enfermidade que até hai pouco, como sociedade, non eramos quen de verbalizar. Tampouco hai que imaxinar tanto cando, a quen máis e a quen menos, nos pasou coñecer alguén nunha circunstancia similar. Entre pensamento e pensamento, agardamos e decatámonos de que non estamos sós. Hai unha mesa pequena, para crianzas, que sostén fauna diversa e ceras de cores para un espazo no que predominan os ocre e os grises.



Tempo de agarda na AECC de Compostela. Fotografía de Laboratorio de Radio.

Preside o espazo unha planta de máis de metro e medio á que lle custa manter o equilibrio. A vida tamén é isto, a procura de abrochos verdes que non sabemos cando nin como agromarán. Os ruídos fóra, os silencios dentro. **Marcos Calvo**, psicólogo da **Asociación Española Contra o Cancro (AECC)**, dinos que xa podemos entrar, e sentamos nunha sala, desta vez, branca cuxa sobriedade non permite distraerse co decorado. Ás cadeiras nas que estamos normalmente acoden doentes de cancro, aínda que arredor do "corenta por cento das consultas son con familiares". O psicólogo aposta os brazos na mesa, coa seguridade de saber contestar preguntas sobre unha rutina na que a chave é escoitar. Con nós tamén **Luns**, o libro de **Eli Ríos**, e con el Nere, a protagonista enferma de cancro á que tamén introduciremos neste diálogo.

NERE: "A radiografía estendida no atril luminoso mostra un arco da vella feroso de negros, grises e brancos. A doutora tenta sinalarme as partes duras na fotografía da miña teta pero non consigo ver nada máis alá da palabra cancro".

LUCÍA- Cando pensamos no cancro normalmente pensamos na enfermidade, nos efectos secundarios, no diagnóstico mais non reparamos no despois, no que sucede coas persoas que superan a enfermidade.

Marcos Calvo- Suponse que cando che din que o tratamento fixo o seu efecto e a enfermidade non é visible, a túa vida vai ser a de antes pero nin fisicamente as persoas están igual -ao mellor até un ano despois non recuperas- nin psicolxicamente porque deixaches de facer cousas que che cargaban as pilas e porque foi unha situación de tensión e incerteza. No eido emocional, hai un alivio cando che din que a enfermidade está controlada, pero inmediatamente despois é frecuente un baixón anímico por un tempo, comparable coa do diagnóstico. Levas moito tempo pasándoo mal e cando chegas ao final é como cando arrefría un golpe e o corpo comeza a doer.



Retrato da loita contra o cancro. Autoría: anónima.

L- Como é a situación para as persoas que, unha vez que se encontran ben, queren volver á vida laboral?

N: "A vida continúa. A xente bole dun lado para outro. Ignorándome. Estática. No medio dos peixes. A vida segue".

M.C.- Cada vez hai máis persoas que teñen cronificada esta enfermidade. Isto quere dicir que non se poden curar pero non van morrer a curto prazo e, de feito, encóntranse ben porque hai tratamentos menos tóxicos como a inmunoterapia. Non obstante, a administración ten dúas alternativas: ou traballas como antes ou incapacitámoste. Estas persoas acaban asumindo unha xubilación, unha incapacidade porque a resposta non se adapta á súa situación, que é a de non estar ao 100% aínda que poderían desenvolver un traballo. A casuística é moi variable pero, en certos casos, existe o estigma de que non poidas sorrir ou render como antes e isto fai que non che ofrezan posibilidades de emprego.

L- Xa que falas de estigmas, cales son os principais estigmas que sofren os/as doentes de cancro?

M.C.- Un tema é o de pensar que unha persoa por pasar por un cancro vai ser menos produtiva e non é así, vai depender da actividade. Porén, o estigma que máis pesa é a corrente de enerxía positiva que exerce presión sobre as doentes de cancro de mama. As pacientes, ás veces, enfádanse con isto de que practicamente non poden nin chorar, case unha imposición.

N: "Óptima. Impresionante. Fermosa. Degaxada. Falso. Devecida. Falso. Minguada. Falso. Enfraquecida. Falso. Mentira. Embuste. Adoecida. Enferma".

M.C.- Suponse que unha muller que saíu dunha enfermidade así ten que estar contenta, ser unha *superwoman*, o rosa por todos os sitios e ter unha mentalidade positiva todos os días. Claro que aprendes pero non compensa pasar por isto para aprender nada.



As armas para facer fronte ao cancro. Autoría: anónima.

L- Ten moita forza o silencio nestes procesos?

N- "Correr moi lonxe. Fuxir. Escapar á morte... E peto na aldraba. Recollo os nenos. Saio ao parque. Aire. Encher os pulmóns e escoitar mamá! Nin unha bágoa, Nere. Compórtate como unha auténtica señora".

M.C.- Cando che pasa algo importante na vida, como comprar un piso, ti coméntalo coa túa familia, con alguén que saiba de inmobiliarias etc. informáste e tomas unha decisión, que é o máis razoable. Nestas situacións a persoa doente intenta manter o tipo para non preocupar aos familiares e os familiares fan o mesmo en relación á persoa enferma. Todo o mundo sofre por separado; o paciente por un lado, as amizades, a familia, por outro. Ás veces, non saben que dicir e non chaman moito. Cando o mellor sería compartir a dor.

L- Emerxen na consulta outras problemáticas que non teñen que ver directamente co cancro?


N: "Teño que pregar a táboa antes de saír. A ver se non me esquezo. Se non Manuel axiña pon o grito no ceo. Non vivimos na casa da costureira, Nere. E se chego a entrar con algún amigo? Se ve a roupa tirada aí polo medio que pensaría? Ou vou ter que chamar cada vez que volva e avisar para entrar no meu piso? Se che parece, podo poñerme un chocallo e así séntesme desde o garaxe... Pobre. Ten toda a razón. Non custa nada poñer os trebellos no seu sitio".

M.C.- Moitísimo. Suponse que como o cancro é unha cuestión tan importante a consulta vai versar sobre iso. Porén, ás veces saen outras cuestións. Por exemplo, económicas, problemas de parella que xa veñen de atrás, violencia de xénero, tamén casos nos que homes, que xa non trataban moi ben a muller, e que agora se enfadan coa parella porque ao mellor a sexualidade está en repouso. Neste caso, o máis difícil é derivar e conseguir que a persoa vaia, por exemplo, ao centro de información á muller.

N: "Sofía e Marquiños...Como llelo explico? Son tan pequenos..."

M.C.- Hai que contar a verdade en palabras das crianzas porque entre cinco e dez anos, por dar unha referencia, vanse decatando, antes ou despois, e se non nos adiantamos a información que lle chega ao mellor non é de calidade. Se está seguro

do que está a pasar cando vexa o que hai vai manter a calma porque xa ten información.



Entre as sombras e as nubes, sae o sol co apoio, entre outros, da AECC. Autoría: anónima.

Non quixemos ilustrar esta entrevista coa fotografía de ningunha persoa. O cancro non ten cara, é unha cruz que cada persoa vive dun xeito. Ese xeito fica aquí recollido a través de debuxos que fixeron persoas que teñen, ou xa superaron, o cancro.

L -Nere, no teu caso non podemos pedir un debuxo pero si unhas palabras para definir como o vives ti.


N- "Se non o chamo polo seu nome non existe. Sen cara de doente. Sen dano. Sen ferida. Sen cotra. O que non ten nome é nada. A bágoa traizoeira saltando cara ao chan".

L- Con palabras e debuxos, coa expresión de cada fase e de cada persoa, convives na consulta. É difícil non implicarse emocionalmente?

P- Cando unha persoa pasa un momento moi difícil e consigues aliviala, a recompensa é inmediata, o que non pasa noutras áreas como en adiccións polas recaídas. Non saio triste, saio canso porque a profesión require atención e escoita para procurar o miolo da cuestión. É raro que eu leve unha pena para casa aínda que todos temos cousas que se nos coan. Cando hai xente que ten idea de suicidarse marchas preocupado por saber se o risco quedou controlado, se pechaches todo ben pero son cousas puntuais.

L- Debúxanos entón a túa relación co cancro.

M.C.- Isto é unha das cousas máis útiles que eu aprendín, isto vai valer para quen o lea.



Parte B9A

Ferramentas para non deixar que o cancro domine a nosa vida . Debuxo do psicólogo da AECC, Marcos Calvo.

M.C.- O círculo grande é a vida, o pequeno é un problema que non che deixa vivir, poñamos a enfermidade. Estes problemas teñen unha tendencia a coller terreo da túa vida. Como estás abafado ou abafada saes menos, fas menos actividades das de antes, ves menos xente. Pola contra, fas esforzos para contraatacar, intentas ser positivo, comer ben, axudar a familia para tentar afrontar a solución. O caso é que ese é tempo que lle dedicas ao problema, cómelle terreo ao círculo grande. Cando un ten un problema deste tipo non é tanto buscar estratexias senón prestar atención a ese terreo da vida no que eu fago cousas porque me peta. Teño que alimentar esa parte para que o problema faga menos dano, non facer todo porque o hai que facer, facer cousas por puro pracer.

N- "O pan. Sempre me gustou cortar o molete. O gume entrando na codia. A modo. A punta tocando o miolo brando e esponxoso. A folla rabuñando as beiras torradas. As

faragullas caendo riba da madeira como os restos dun naufraxio. O murmurio da rebanda despegándose. Temerosa da caída da miga”.



A loita contra o cancro ten moitas metáforas. Esta sucedeu na sala de agarda da AECC.

Foto de Laboratorio de Radio.

Na sala de agarda hai bechos. Feos, horrorosos. E distintos animais salvaxes dispostos a loitar, cada un como sabe e como quere. As cores ambientan a batalla e todo se concentra nun escenario tan ordinario e cotián como unha mesa similar á que tiñamos cando só eramos capaces de intuír a parte bonita do mundo, esa que o psicólogo recomenda nutrir para que aquilo que nos fere non ocupe toda a nosa existencia.